



GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

DO
ESCENAS
CAMBIO

**FESTIVAL DE
INVERNO DE
TEATRO, DANZA
E ARTE EN ACCIÓN**

**28 XAN ~
13 FEB 2016**

**MUSEO
CENTRO GAIÁS
SANTIAGO DE
COMPOSTELA**

**escenasdocambio.org
cidadedacultura.gal**



A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia co resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este novo espazo, destinado á creatividade e ao coñecemento, acolle catro institucións culturais:

MUSEO CENTRO GAIÁS. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas.

BIBLIOTECA E ARQUIVO DE GALICIA. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

CENTRO DE EMPRENDEMENTO CREATIVO. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de coworking, un viveiro de empresas e o espazo de crowdworking ‘Galicia Open Future’.

CENTRO DE INNOVACIÓN CULTURAL (CINC). É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.

Gaiás, Cidade da Cultura



DO CAMBIO EN ESCENAS

FESTIVAL DE INVERNO DE TEATRO, DANZA E ARTE EN ACCIÓN

Escribo esta presentación da segunda edición do Festival Escenas do Cambio á luz do vivido no ano 2015, ao carón das descubertas, dos achados, da maxia do efémero, deses intres únicos e brutais por momentos, á calor das incertezas, ao abeiro da busca permanente, coa afouteza de seguir un rumbo, co desexo de que ocorran cousas...

E así, coa determinación de seguir un camiño, un roteiro apaixonante, neste segundo ano de Escenas do Cambio procuramos manter liñas debulladas no anterior programa e afondar noutras posibilidades escénicas que consideramos de interese. Continuamos coa chamada á participación cidadá, nesta ocasión da man de producións propias do Festival e comandadas por artistas galegos; optamos pola presenza de producións nas que o público é parte substancial e determinante da función; mantemos a vinculación con América Latina e con Centroeuropa como lugares onde a escena contemporánea ocupa un espazo vizoso e propio; aumentamos a presenza das compañías e artistas de Galicia e abrimos vías de presentación de traballos retrospectivos e de autores clásicos.

Formulámonos como reto que Escenas do Cambio fose parte da cidade de Compostela, que enlazase coa trama humana e urbana xunto co Museo Centro Gaiás, o espazo protagonista na contorna da Cidade da Cultura de Galicia. Convidamos para esta edición a institucións, asociacións, persoas particulares e voluntarios que, con toda seguridade, farán medrar o festival coas súas achegas.

Un anaco da escolma de Pablo Fidalgo, o director artístico, a quen agradezo fondamente o seu traballo e felicito, bota unha ollada a África, un continente por descubrir no mundo da escena occidental. Son traballos arriscados, distintos, que nos sitúan con outra mirada no mundo. África, América, Europa, Galicia e nós mesmos: cada un de nós situándonos no mundo actual.

Un ano de vida é un camiñar paseniño, é un pasiño dun cativo, é un batuxar ás veces. Roubo as palabras de Romeo Catellucci, a quen coñecín grazas a Pablo Fidalgo, cando a propósito da súa estrea en París de *Le metope del Partenone* dicía: “Moita xente vai ao teatro para recoñecer algo que xa sabe. Para min, o teatro coma a arte en xeral, é un salto cara a unha terra ignota. Ténnos que levar a descubrir algo que descoñeciamos de nós mesmos... Calquera dos meus espectáculos deberían funcionar ante un público de nenos. O espectador ideal é o que non sabe ren e se abandona perante o que ve. O que cre sabelo todo e cre contar con ferramentas para comprender, quizais sexa o peor”.

A miña especial gratitude a todo o equipo da Fundación Cidade da Cultura de Galicia polo seu traballo e ilusión e a todas as persoas e compañías participantes neste engaiolante proxecto.


Xa para rematar, cómpre igualmente salientar o apoio da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, con Román Rodríguez á fronte, sen a súa confianza este proxecto non sería posible.

María Pereira Otero

Dirección Acción Cultural

Santiago de Compostela, xaneiro de 2016

Públicos sen disciplina



Construír un programa é construír un relato cos relatos dos demais. Un relato é poñer xuntas cousas que nunca antes estiveran xuntas. Construír un programa é xuntar palabras por primeira vez. Escribir cos corpos dos demais. Escenas do Cambio 2016 é un relato de viaxes, xestos políticos, contradicións, fragilidades, postos sobre a mesa (como na peza Europa en casa) para os demais. Un festival de experiencias. Non abonda con mirar, non serve con agardar. Dende a primeira edición do festival quixemos un público activo, transformador, que inventa, que imaxina, que namora, que loita e se contradí connosco. Un público firme. Un público que fai preguntas e que busca o encontro. Di Manuel Borja-Villel, a propósito da súa etapa como director do MACBA *“Se o museo quería ser un verdadeiro espazo público, entón tiñamos que pensar nun público que non fose simple un dato cuantitativo. Mais á hora de opoñernos a esta visión comercial e cuantificadora do público tampouco podíamos volver á tradicional concepción ideal dos visitantes do museo coma un todo impersonal ou coma unha cidadanía cohesionada allea ao conflito. Esta é a imaxe tradicional da sociedade civil composta por individuos que teñen unha vida de proveito e pacífica nun espazo diferente ao estado. Pensabamos que, ademais, existe unha sociedade alén do museo que non é homoxénea, senón que está composta por sectores en litixio, nós tiñamos que reflexionar tamén dende a institución como se constrúen outros públicos. Neste sentido non existe o público, senón unha construción permanente da cidadanía na que nós queríamos participar, dotándoa de ferramentas críticas. Para iso, a experiencia cultural ten que consistir nunha actividade emancipadora”*. A arte escénica asume ese conflito, neste caso, no espazo dun museo. E asume, sobre todo, esa necesidade de emancipación.

Varios eixos axúdannos a estruturar este festival, este novo relato. O primeiro é o traballo coas comunidades en Santiago de Compostela, con énfase no pedagóxico e na vinculación coa cidade. Este ano presentaranse tres traballos *site specific* producidos pola Cidade da Cultura: Uxía Vaello e Borja

Fernández presentarán a súa versión de *Insultos ao público* (fanse cincuenta anos da publicación deste texto mítico da dramaturxia europea) de Peter Handke, e que comeza un ciclo de postas en escena de textos míticos do teatro universal), Voadora fará a súa versión de *Don Juan* con persoas maiores e Idoia Zabaleta convidanos a un paseo-lectura *d’Os Eidos* dende Santiago ata a Cidade da Cultura (esta peza, enmarcada dentro do seu ciclo de libros bailados, é o inicio de traballos escénicos sobre obras míticas da poesía mundial). Ademais, dentro do programa internacional, Rimini Protokoll ocupa coa súa peza *Europa en casa* diferentes casas da cidade. O segundo eixo é continuar investigando a memoria recente, a exploración da escena como lugar de inscrición da nosa historia con Joana Craveiro, Lagartijas Tiradas al Sol, Faustin Linyekula ou Jérôme Bel. O terceiro é o apoio á creación galega nova, con tres producións propias e varias coproducións como Nuria Sotelo. E o cuarto é a programación dedicada a África e aos corpos indisciplinados con Bouchra Ouizguen, Radouan Mriziga, Marlene Monteiro (caboverdiana residente en Portugal), Faustin Linyekula de novo, Marcela Levi (Brasil), Cecilia Bengolea e François Chaignaud e Arkadi Zaidés.

Ao mesmo tempo, Escenas do cambio ten que converterse nun espazo de formación e de acollida de novos relatos e novas formas de facer que poidan enriquecer e reforzar o tecido artístico galego. Poñemos en marcha de novo esta edición un programa de conferencias e obradoiros. Para isto, convidamos a pensadores de referencia coma Chantal Mouffe, directores de cine como Oliver Laxe, e creadores escénicos como Stefan Kaegi ou Luisa Pardo. Tamén continuamos co noso programa formativo cos obradoiros. O primeiro será impartido por Lagartijas Tiradas al Sol. Coma o ano pasado no proxecto *Os meus documentos*, dirixido por Lola Arias, este ano convidamos a catro creadores galegos (Diana Mera, Tito Asorey, Areta Bolado e Carol Fernández) a comezar un traballo de creación co acompañamento da compañía Lagartijas Tiradas al Sol (Gabino Rodríguez e Luisa Pardo), o resultado do cal se presentará durante o festival. Deste xeito,



damos continuidade a este proxecto de teatro documental iniciado o ano pasado, e seguimos fortalecendo o encontro con compañías novas relevantes de América. O outro proxecto é o convite a participar no festival que fixemos ao Máster de práctica escénica e cultura visual da Universidade de Alcalá de Henares. Isabel de Naverán, profesora do Máster, curadora e escritora, impartirá un obradoiro de catro días sobre a reconstrución da historia da danza, e sobre as diferentes formas de documentar a arte escénica. O obradoiro abrirase a creadores de Galicia, para o cal se fará unha convocatoria pública. Tamén iniciamos este ano un programa de publicacións que documentarán cada edición do festival.

Escenas do Cambio é un festival cun forte arraigo local pero cunha clara vinculación internacional e de vangarda. Todas as pezas internacionais excepto Cédric Andrieux son estreos en España e entre elas hai unha estreos mundial, a de Lagartijas Tiradas al Sol. Neste edición iniciamos colaboracións institucionais estables cos principais centros de creación, teatros e festivais da península ibérica coma o Teatro María Matos, Festival Alcantara, Azala ou Festival BAD. Comezamos a dar pasos para integrarnos en redes de festivais nacionais e internacionais e tamén para impulsar as nosas propias redes nacionais. Este ano visitánnos programadores de oito países de Europa e América. Aproveitamos tamén este textos para celebrar a inclusión d'Os contos de Joselín no Festival Alcantara Lisboa, un dos festivais de referencia no mundo e cuxo director, Thomas Walgrave, nos visitou o ano pasado.

Finalmente, en abril, celebraremos Escenas do Cambio Bos Aires, a primeira extensión do festival fóra de Galicia, como parte do programa de actividades de Santiago de Compostela como cidade convidada á Feira do libro de Bos Aires. Todas as pezas de creadores galegos que alí serán presentadas están relacionadas con Bos Aires e abren unha fiestra á historia compartida de Galicia e Arxentina.

En definitiva, quince compañías ou artistas de dez países distintos, creacións específicas para a Cidade da Cultura,

aposta pola creación galega nova e tres coproducións: *Ensaio amor* de Nuria Sotelo, *Si pudiera hablar de esto no haría esto* de Janet Novás e *Barrunto*, de Patricia Caballero. Escenas do Cambio debe ser, antes que nada, un lugar de acollida, de encontro, de experiencias, de diálogo, e de crítica. Construímos unha casa con todos estes relatos. Esa é a base dun festival que fixo da creación co estranxeiro e co local un único proxecto e que atopa nesa idea de hospitalidade a súa razón de ser. Un festival que se enfronta á tarefa de seguir construíndo a súa identidade con humildade, con liberdade e sen medo. Este é o noso relato. Sabemos que non podemos seguir vivindo sen historia. Sabemos que outros pensaron o mesmo ca nós. Queremos un público que faga historia, que queira coñecer e escribir a súa propia historia. Un público crítico e esixente. Definitivamente, un plan común que faga que todos cambiemos os nosos plans.

Pablo Fidalgo Lareo

Director artístico de Escenas do Cambio
Festival de inverno de teatro, danza e arte en acción

ESCENAS

**RIMINI PROTOKOLL**

Do 28 de xaneiro ao 7 de febreiro – 20:30 horas
Casas particulares de Compostela

Europa en casa é unha performance que podes levar na túa equipaxe de man.

Que é a Europa en realidade? É unha fronteira xeográfica, unha identidade cultural, unha coalición de estados? Dise máis e máis que Europa é unha idea que sempre está mudando, como o individuo pode dicir da súa propia experiencia. Rimini Protokoll contrasta esa idea abstracta de Europa coa individualidade dun apartamento privado. 15 persoas forman parte dunha performance nunha sala de estar que entrelaza historias persoais e os mecanismos políticos de Europa.

Podes aloxar *Europa en casa* no teu fogar ou ser un convidado no apartamento privado dun estraño. Cada actuación ocorre en casas diferentes e así a performance percorrerá centos de vivendas en toda Europa, a construción dunha rede que, no canto de crecer a partir dun centro, esténdese da porta a porta a través do continente.

Helgard Haug, Stefan Kaegi e Daniel Wetzel levan traballando como un equipo desde o ano 2000. Desde 2002, todas as súas obras escribíronse en conxunto baixo a etiqueta Rimini Protokoll. No foco do seu traballo está o desenvolvemento continuo das ferramentas do teatro para permitir perspectivas

non usuais na nosa realidade.

Último grande proxecto dos Rimini Protokoll, nunha produción da rede europea House on fire, Home visit Europa presenta unha serie de cuestións básicas sobre a participación, a autoría, a ocupación do espazo privado, e tamén sobre a hospitalidade e acollida como xesto humano fronte a barbarie. Unha lección de vida para estes tempos de migracións que parecen non ter fin.

Ficha artística

Concepto / Guión / Dirección:
 Helgard Haug, Stefan Kaegi, Daniel Wetzel | Dramaturxia: Katja Hagedorn | Deseño de interacción: Mirko Dietrich, Hans Leser, Grit Schuster | Asistente de deseño de interacción: Philipp Arnold | Escenografía: Lena Mody, Belle Santos | Asistente de escenografía: Ran Chai Bar-zvi | Producción: Julianne Männel | Dirección técnica: Sven Nichterlein | Deseño web: Tawan Arun + Ralph Gowers (Programming) | Edición web: Cornelius Puschke

**LAGARTIJAS TIRADAS AL SOL**

México – 75 min
28 xaneiro – 18:30 horas
Sala 2

Que significa democracia en México hoxe para uns 50 millóns de persoas que viven co salario mínimo? Que agardamos da democracia hoxe en día? Que agardamos da política alén da democracia? A economía condiciona a maneira en que experimentamos coa política e as expectativas que temos.

Partindo desa premisa, *Tijuana* pon en escena a experiencia de Gabino Rodríguez, convertido durante seis meses en Santiago Ramírez, habitante de Tijuana (Baixa California), baixo unhas condicións específicas que o apartaron do seu mundo habitual, do que permaneceu incomunicado mentres traballaba co salario mínimo nunha fábrica da zona. A posta en escena busca contar esta experiencia e indagar nas posibilidades da representación. Ser outro, intentar vivir a vida doutra persoa. Facerse pasar por outro. Non é iso a actuación?

Tijuana é a nova creación de Lagartijas tiradas al sol, cuadrilla de artistas convocada por Luisa Pardo e Gabino Rodríguez cuxos proxectos son un mecanismo para vincular o traballo e a vida, para borrar fronteiras. O seu traballo busca dotar de sentido, artellar, dislocar e desentrañar o que a práctica

cotiá fusiona e pasa por alto. Son autores de pezas emblemáticas do teatro documental como *El rumor del incendio* ou *Montserrat* (presentada no ciclo Material Memoria, no MARCO de Vigo). Lagartijas convidanos unha vez máis a coñecer as diferenzas entre a historia oficial e a historia verdadeira.

Estrea:

Estrea mundial en Escenas do Cambio 2016, Santiago de Compostela.

ESCENA



MARLENE MONTEIRO FREITAS
Portugal/Cabo Verde – 120 min.
28 xaneiro – 20:30 horas
Sala 1

Jaguar é o nome que se lle dá a algúns cabalos, unha peza de baile e un espectáculo de marionetas. En Jaguar somos marionetas e neste teatro manipulado, confiámonos aos outros e ás súas mans: Mandinga d' Soncent, Wolfli, Blaue Reiter, entre outros, que a pesar de ser radicalmente diferentes, non son máis ca unha extensión de nós mesmos. Jaguar é un fragmento, unha escena de caza, ou en realidade, unha escena de caza atormentada. (Marlene Monteiro Freitas).


Jaguar é a última creación de Marlene Monteiro Freitas, creadora nada en Cabo Verde, cuxas obras teñen un triplo denominador común: a abertura, a impureza e a intensidade.

Ficha artística

Coreografía: Marlene Monteiro Freitas en colaboración con Andreas Merk | Interpretación: Marlene Monteiro Freitas, Andreas Merk | Iluminación e espazo: Yannick Fouassier | Son: Tiago Cerqueira | Atrezzo: João Francisco Figueira, Miguel Figueira | Documentación: João Francisco Figueira, Marlene Monteiro Freitas | Agradecementos: Betty Tchomanga, Avelino Chantre | Producción: P.O.R.K (Lisbon, PT) | Distribución: Key Performance (Stockholm, SE) | Coprodución: Zodiac - Center for New Dance (Helsinki, FI), CDC Toulouse/Midi-Pyrénées (Toulouse, FR), Alcantara (Lisbon, PT), HAU - Hebbel am Ufer (Berlin, DE), MDT (Stockholm, SE) in the frame of [DNA] Departures and Arrivals, cofinanciado polo programa Creative Europe da Unión Europea; Teatro Municipal do Porto Rivoli (Porto, PT); Arsenic (Lausanne, CH); Maria Matos Teatro Municipal (Lisbon, PT); O Espaço do Tempo (Montemor-o-novo, PT); Les Spectacles Vivants - Centre Pompidou (Paris, FR); Espaces Pluriels (PAU, FR); Tandem Douai-Arras/Scène nationale (FR); A-CDC (Art Danse - CDC Dijon Bourgogne (FR), La Briquette - CDC du Val-de-Marne (FR), Le Cuvier - CDC d'Aquitaine (FR), L'échangeur - CDC Picardie (FR), Le Gymnase - CDC Roubaix - Nord Pas de Calais (FR), Le Pacifique - CDC Grenoble (FR), CDC Paris Réseau Danse (FR), Pôle Sud - CDC Strasbourg en prefiguración (FR), CDC Toulouse/Midi-Pyrénées (FR), CDC Uzès danse (FR))

Estrea:

Outubro 2015, Helsinki (Zodiac). Estrea europea en Escenas do Cambio 2016



VOADORA
Galicia – 75 min
29 xaneiro – 20:30 horas
Sala 1

No ano 2050, España será o sétimo país máis vello do mundo, cun 38% da poboación maior de 60 anos. A terceira idade está considerada un retiro, un tempo fóra da etapa produtiva, un vestixio dun período mellor, unhas vacacións á espera da morte.

Que queres facer cando sexas maior?

Os plans seguen ata a morte e máis alá.

Don Juan comeza no tempo presente e vai cara o futuro. O hedonismo. O carpe diem. O dereito a escoller a rutina ou o cambio. Nunca é tarde nin cedo. Sempre é o momento oportuno.

Voadora, Premio da Crítica de Galicia 2013 na modalidade de Artes Escénicas e Audiovisuais, sorpréndenos con esta revisión do clásico *Don Juan*, na que se parte das biografías das persoas maiores que a protagonizan para construír con elas unha performance distinta cada vez. Recoñecida polo seu compoñente musical, estético, sorprendente e evocador e unha linguaxe moi persoal que indaga nas sensacións e nas

emocións, Voadora ofrécenos desta volta un traballo cociñado a lume lento que profunda sobre algo que nos une: o amor.

Ficha artística

Dirección: Marta Pazos | Dramaturxia: Voadora a partir do Don Juan de Molière | Música orixinal: Hugo Torres e José Díaz | Iluminación: Rui Monteiro | Producción: Voadora | Coprodución: Trigo Limpo-Teatro ACERT.

Estrea:

28 de marzo de 2015. ACERT – Tondela, Portugal. Estrea europea en Escenas do Cambio 2016.

Co-fundadora do grupo de danza Compass (Cabo Verde) e da estrutura de produción P.O.R.K (Lisboa), Marlene Monteiro destacou por traballos como *De marfim e carne – as estátuas também sofrem* (2014), *Paraíso-coleção privada* (2012-13), ou *(M)imosa* (2011) com Trajal Harell, François Chaignaud e Cecilia Bengolea. Neste traballo, feito en colaboración con Andreas Merk, a cualidade do seu movemento supón un ar fresco no panorama da danza europea, indo un paso máis alá en cada traballo, asumindo riscos e seducindo públicos de todo o mundo. Unha danza que anticipa o mundo que vén: caótico, hipnótico e veloz. Un mundo que nos obriga a posicionarnos e a saber como e con quen queremos movernos.

ESCENAS

**ARKADI ZAIDES****Israel – 65 min****30 xaneiro – 18:30 horas****Sala 2**

En Archive, Arkadi Zaidés profunda na súa exploración artística do conflito entre Israel e Palestina. O artista vólvese das imaxes tomadas polos voluntarios do Proxecto B'Tselem, unha iniciativa do Centro de Información Israelí para os Dereitos Humanos nos Territorios Ocupados, que desde 2007 distribúe cámaras de vídeo entre palestinos que viven en zonas de alto conflito para documentar as violacións de dereitos humanos e expoñer a realidade da vida baixo a ocupación. Zaidés chama a atención dos espectadores sobre os corpos dos israelís capturados pola cámara e as reaccións físicas ás que recurrir en varias situacións de confrontación. Os palestinos permanecen tras a cámara. O seu movemento, a voz e o punto de vista están moi presentes e determinan a perspectiva do espectador.

Aínda que os materiais filmados polos fotógrafos revelan a realidade local, Zaidés desexa discutir unha cuestión máis

universal: cal é o potencial de violencia incorporado en cada individuo e que prezo debe pagar o colectivo para o control dos demais? Zaidés extrae e se apropia dos xestos e voces, involúcrase e identifícase cos materiais. As cuestións da participación e a responsabilidade ábreanse mentres o seu corpo se transforma nun arquivo vivente.

Arkadi Zaidés, bailarín e coreógrafo independente que vive e traballa en Tel Aviv, concibe a arte como un vehículo para desafiar e inspirar aos espectadores e, ao mesmo tempo, para chegar e reunir diferentes sectores da sociedade. Centrado no traballo con diversas comunidades, especial co sector árabe que vive en Israel, Zaidés recibiu por Archive o premio do presidente Emile Zola polos Dereitos Humanos.

Ficha artística

Materiais de arquivo: voluntarios do 'Camera Project' do B'Tselem, Centro de Información Israelí para os Dereitos Humanos nos Territorios Ocupados: Iman Sufan, Mu'az Sufan, Bilal Tamimi, Udai 'Aqel, Awani D'ana, Bassam J'abri, Abu 'Ayesha, Qassem Saleh, Mustafa Elkam, Raed Abu Ermeileh, Abd al-Karim J'abri, Issa 'Amro, Ahmad Jundiyyeh, Nasser Harizat, Abu Sa'ifan, Oren Yakobovich, Nayel Najjar | Concepto e coreografía: Arkadi Zaidés | Consultor de vídeo: Effi and Amir (Effi Weiss e Amir Borenstein) | Arte sonoro e dramaturxia da voz: Tom Tlalim | Consellos artísticos: Katerina Bakatsaki | Asistente de coreografía: Ofir Yudi-levitch | Iluminación: Thalie Lurault | Director técnico: Pierre-Olivier Boulant | Producción: Yael Bechar | Agradecementos a Myriam Van Imschoot | Producido por: Arkadi Zaidés | Coproducido por: Festival D'Avignon (FR), CDC Toulouse (FR), Theatre National De Chaillot (FR), CNDC Angers (FR) | Residencias en: CDC Toulouse (FR), CNDC Angers (FR), STUK Leuven (BE), Theatre National De Chaillot (FR), WP Zimmer (BE) | Distribución internacional: Key Performance.

Estrea:

Festival de Avignon, 8 de xullo de 2014. Estrea europea en Escenas do Cambio 2016.

**JÉRÔME BEL****Francia – 80 min****30 xaneiro – 20:30 horas****Sala 1**

Esta peza de Jérôme Bel é un percorrido pola danza contemporánea a partir da reconstrución da experiencia vital do bailarín Cédric Andrieux, integrante da Merce Cunningham Dance Company durante case unha década.

Cédric Andrieux amosa fragmentos de movementos e xestos de Trisha Brown, Merce Cunningham ou o propio Jérôme Bel, nun tour de force pola gramática da danza contemporánea mesturada coa narración biográfica do bailarín. O corpo como arquivo e o relato ante o público conforman unha historia xeracional e subxectiva da danza.

Jérôme Bel (París, 1964), bailarín e coreógrafo, é un dos representantes máis destacados do movemento da non-danza. As súas pezas, de carácter conceptual, móvense entre o teatral, o verbal e o cotián. O corpo, entendido como ready-made, incorpora un rexistro de movementos que definen ao suxeito. Despois de traballar con varios coreógrafos en Francia e Italia,

crea a súa primeira peza en 1994, *Nom donné par l'auteur*, na que a interacción entre obxectos banais e bailaríns conforman a peza. *Jérôme Bel* (1995), *Shirtologie* (1997), *Le dernier spectacle* (1998) *The show must go on* (2001), *Véronique Doisneau* (2004) ou *Lutz Förster* (2009) completan un traballo que modifica os seus límites baixo o impulso de pensar a danza. Un histórico da danza presentando por primeira vez en Galicia. Cedric Andrieux é unha peza simple e delicada, un manifesto sobre como conseguir a autonomía e a liberdade á que toda persoa aspira.

Ficha artística

Director: Jérôme Bel | Intérprete: Cédric Andrieux | Con fragmentos de: Trisha Brown (Newark), Merce Cunningham (Biped, Suite for 5), Philippe Tréhet (Nuit fragile), Jérôme Bel (The Show Must Go On) | Coprodución: Théâtre de la Ville, Festival d'Automne, R. B. Jérôme Bel | Co apoio de: Centre National de la Danse (París), La Ménagerie de Verre (París), Baryshnikov Arts Center (New York) | Agradecementos: Thérèse Barbanel, Trevor Carlson e Yorgos Loukos | Axudas: R. B. Jérôme Bel recibe subvencións da Dirección Rexional de Asuntos Culturais de Ile-de France, Ministerio de Cultura e Comunicación de Francia, e o Institut Français, Ministerio de Asuntos Exteriores de Francia, para as xiras internacionais

Estrea:

decembro de 2009, Théâtre de la Ville, París, Francia

ESCENAS



JOANA CRAVEIRO. TEATRO DO VESTIDO
Portugal – 4 horas 30 min (con cea incluída)
3 febreiro – 18:30 horas
Sala 2

Um Museu Vivo de Memórias Pequenas e Esquecidas é unha peza documental sobre as memorias oficiais-non oficiais da ditadura portuguesa (1926-1974) e a Revolución (1974-75).

A través dun longo e exhaustivo proceso de investigación e recollida de testemuñas, Joana Craveiro -directora artística de Teatro do Vestido- constrúe unha maratón de catro horas e media de historia e memoria e a relación entre memorias problemáticas e conflictivas e a ausencia de estados políticos de memoria en Portugal respecto da súa recente historia.

Construído como un set de sete conferencias-performances, todas escritas e representadas por Joana Craveiro, Um Museu Vivo de Memórias Pequenas e Esquecidas revisita a recente historia de Portugal desde unha perspectiva histórica, política e afectiva que utiliza testemuñas de persoas comúns, desafiando así as grandes narrativas destes períodos que

se construíron, sobre todo, sobre as ideas de militares e políticos.

Ficha artística

Investigación, texto, dirección e interpretación: Joana Craveiro | Colaboración creativa e asistencia: Rosinda Costa e Tânia Guerreiro | Vestiario: Ainhoa Vidal | Deseño de iluminación: João Cachulo | Producción: Cláudia Teixeira | Asistentes de produción: Ana Santos e Sabine Delgado.

Estrea:

Novembro de 2014, Lisboa. Estrea europea en Escenas do Cambio 2016.

Gañadora do premio do Festival da Almada 2015, esta peza fainos moitas preguntas: Que acontece cando decidimos recordar no momento en que o poder se empeña en que esquezamos? Que pasa cando nos deixamos afectar pola historia e polo silencio dos nosos pais e avós? Onde a historia non está contada, que pode facer o teatro se non comezar por investigar esa historia e poñer as cartas sobre a mesa.



NURIA SOTELO
Galicia – 60 min
4 febreiro – 18:30 horas
Sala 2

Ensaio amor é froito da conciliación, a precariedade laboral e o amor.

Tres mulleres novas deciden embarcarse nun proxecto escénico ao redor da lei de Ohm, apropiándose dos significantes que contén; tensión, intensidade e resistencia, para reflexionar sobre os seus diferentes significados e utilizalos como pautas físicas. A maternidade muda os corpos, as necesidades, as prioridades, os recursos e os tempos.

Catro mulleres; dúas bailarinas, unha personiña e unha cellista fanse preguntas sobre si mesmas como mulleres. Sobre aquilo que fan con amor e por amor; cuestionándose o seu papel de coidadoras, nais e amantes.

Ensaio amor xorde na Residencia de creación da bailarina e creadora galega Nuria Sotelo, levada a cabo de novembro a decembro de 2015 no espazo de creación Azala en colaboración con Escenas do Cambio. Xunto a ela, a bailarina Clara Ferrao, a violoncellista Macarena Montesinos e a súa filla, Lena Vilanova Sotelo. Asesorada pola mirada da

coreógrafa Idoia Zabaleta, este traballo é o primeiro dunha serie de colaboracións entre Escenas do cambio e Azala Espazio de creación, no intento de crear redes e vínculos entre a nova creación galega e a escena internacional.

Ficha artística

Texto: Nuria Sotelo, Clara Ferrao, Macarena Montesinos | Dirección: Nuria Sotelo | Elenco: Nuria Sotelo Rodríguez, Clara Ferrao Diz, Macarena Montesinos Fandiño, Lena Vilanova Sotelo | Coprodución de Escenas do Cambio- Festival ALT, co apoio de Azala

Estrea:

Estrea mundial en Escenas do Cambio 2016, Santiago de Compostela



UXÍA VAELO E BORJA FERNÁNDEZ

Galicia – 70 min

4 febreiro – 20:30 horas

Sala 1

“Nunha entrevista a Peter Handke preguntáronlle que era para el América cando era novo. O primeiro que dixo foi “Pois... Walt Whitman”. Para nós hai uns versos de Walt Whitman que reflicten perfectamente o espírito de “Insultos ó público” e o espírito da adolescencia.

Que eu me contradigo?

Pois si, contradígome. E, que?

(Eu son inmenso, conteño multitudes.)

“Insultos ó Público” é Peter Handke. A presenza do autor nun texto chega aquí ás súas máximas consecuencias. Lémbranos a Woody Allen en Historias de Nova York vendo á súa nai en tamaño xigante no ceo. Cando limos por primeira vez “Insultos ó Público” cos nosos actores e actrices adolescentes non paramos de falar de Handke. Algúen dixo: “Peter Handke é un pouco cabrón cando escribe que os actores se equivocan ou se lles cae algo. E se me equivoco ou se me cae algo?” A ultraconexión Hanke-insultos-adolescentes é inevitable. Eles comparten a clarividencia, o magnetismo, a insolencia, a frescura e a forza.

Nesta montaxe entregamos este texto sublime a un grupo de

rapaces e rapazas de entre 14 e 18 anos, xa iniciados no teatro, para que se apropien del da maneira que queiran. Nas primeiras lecturas sobreveu maxicamente un tono, un dinamismo e unha necesidade de acción da que non podemos fuxir. Nin queremos facelo. Non temos medo do tornado que sabemos que se pode desatar”. Uxía Vaello e Borja Fernández

Os artistas, cunha traxectoria de anos na danza, no teatro e na música, foron convidados desde Escenas do cambio a traballar con adolescentes para celebrar os cincuenta anos da publicación deste texto básico da dramaturxia europea contemporánea, que nos resulta hoxe máis pertinente que nunca.

Ficha artística

Autor: Peter Handke | Tradución: Catuxa López Pato e Sabela López Pato | Dirección e dramaturxia: Borja Fernández e Uxía Vaello | Creación e interpretación: Andrés Negueruela, Ángel García, Carlota Barrenexea, Elena Ferreiro, Joaquín Serrano, Lia Clementina Vilas, Marcos Álvarez, Marta Casais, Martín Bussolari, Pablo Sangó, Paula Magariños e Xiana Varela | Iluminación e vídeo: Laura Iturralde | Espazo sonoro: Borja Fernández | Vestiario: Uxía Vaello | Colaboración: Instituto Goethe Madrid e CGAG | Agradecementos: José Arca, Roberto Leal, Daniel Baamonde, Gustavo Dieste, Lupe García Prieto, Adriana Pazos Ottón “Espazo Olalab”.

Estrea:

Estrea mundial no Festival Escenas do Cambio 2016, Santiago de Compostela.



PATRICIA CABALLERO

Andalucía – 70 min

5 febreiro – 18:30 horas

Sala 2

Saír por dentro, dentro do todo, de min. E parar o mundo, o meu. Algo xa respira por min. Coa alegría nos pulmóns e as portas abertas das miñas terras íntimas, móvome, móvome, movo, móvome... E así sigo viva. Así ando argallando para seguir aquí, aquí, aquí, saudando a todo o que se aveciña. Grazas por lembrarme cos teus, onde teñen que estar os meus ollos. Grazas á gravidade por lembrarme sempre onde teñen que estar os meus pés.

Así fala Patricia Caballero sobre a súa última creación. A presenza de Patricia marcou unha diferenza, unha enerxía non recoñecible no panorama das artes escénicas españolas. Cun discurso elaborado pero que afonda as súas raíces na arte da súa terra, no flamenco e traballa coa verdade vital e a actitude. Con *Aquí gloria y después paz*, unha das pezas de referencia dos últimos anos, participou no ciclo sobre Loie Fuller en La Casa Encendida e nos últimos anos traballou e dirixiu a Israel Galván. Formada entre España, Portugal e México, creadora de dispositivos únicos, as pezas de Patricia definen o risco, sempre abertas á presenza dos outros, sempre dispostas a que todo pase, a que todo mude.

Ficha artística

Creación e interpretación: Patricia Caballero | Acompañamento artístico: Balbina Parra e Lipi Hernández | Iluminación: Rubén Camacho | Coprodución: Festival BAD e Escenas do Cambio | Apoio: Espacio Vacío, Colectivo Arriero, La Bicha Merana, La Fragua, Hogar de San Fernando, A Negro Producciones e Teatro Central | Agradecementos: Dania Laura Frías, Cristina Caballero, Adrián Frías, Judith Mata, Israel Galván, Niño de Elche, Nono García, Jorge Gallardo, Rocío Guzmán, Daniel Benegasi, Fran y Diego Martínez, Charo Martín, Isabel López, Teresa Andino e Germana Gianinni.

Barrunto é a primeira produción feita en colaboración entre Escenas do cambio e o Festival BAD de Bilbao, que pretende potenciar artistas novos, radicalmente libres, que apostan pola investigación e o risco por riba da idea de espectáculo. A fragilidade de pezas como *Barrunto* é unha potencia inmensa, un espazo que se abre, a intimidade dunha nai nova que se amosa sen nada que perder, con todo por vivir.

Estrea:

31 de outubro 2015, BAD (Bilbao Antzerkia Dantza), Bilbao.

ESCENA

**MARCELA LEVI E LUCÍA RUSSO | IMPROVÁVEL PRODUÇÕES****Brasil / Arxentina – 50 min****5 febreiro – 20:30 horas****Sala 1**

En 2014 Marcela Levi e Lucía Russo deron inicio a un proceso de longa duración que demandaba a participación colaborativa de performers nunha investigación sobre a violencia, entendida e experimentada máis aló das súas connotacións inmediatas de aniquilamento, morte e destrución.

Contrariando o imaxinario (e as políticas culturais e sociais) que busca pacificar a violencia por medio dunha dopaxe, dun baleiramento de enerxía –tamén el, evidentemente, violento– realizado en nome dunha harmonía edificante, Levi e Russo incorporan a enerxía da violencia como disparadora dunha espiral de forzas en tensión. Ao corpo contemporáneo blindado e aséptico, na desesperada busca dunha fortaleza auto-protectora envolto en fantasías cosméticas, contraponse un corpo permeable, máis elástico, que pode racharse, que ensucia e se ensucia, que pensa e é pensado, morde e é mordido.

A coreógrafa carioca Marcela Levi e a coreógrafa arxentina radicada en Rio de Janeiro Lucía Russo volven sorprendernos nun novo traballo de

Ficha artística

Autoras e directoras: Marcela Levi e Lucía Russo | Elenco: João Victor Cavalcante, Gabriela Cordovez, Tamires Costa, Ícaro Gaya, Tony Hewerton, Daniel Passi e Lucía Russo | Colaboración dramática: Laura Erber | Residencias artísticas: Centro Coreográfico da Cidade do Rio de Janeiro e Espaço Cultural Sítio Canto da Sabiá | Apoio: Centro Coreográfico da Cidade do Rio de Janeiro, Centro de Artes da Maré, Lia Rodrigues Cia de Danças, Casa Funarte Paschoal Carlos Magno, Projeto Entre/Espaço Cultural Municipal Sérgio Porto, Daniela Trajtenberg e Consulado de Argentina en Rio de Janeiro | Coprodución: Iberescena/Funarte e Cooperativa Disentida | Financiado por: Prefeitura da Cidade de Rio de Janeiro e a Secretaría Municipal de Cultura (SMC) | Técnico de luz: Isadora Giuntini | Producción: Improvável Produções.

Estrea:

marzo de 2015, Festival Dois Pontos, Rio de Janeiro, Brasil. Estrea europea en Escenas do Cambio 2016.

**MARCELA LEVI | IMPROVÁVEL PRODUÇÕES****Brasil – 35 min****6 febreiro – 18:30 horas****Sala 2**

Vinte e cinco metros de colar de perlas, unha cabeza de boi embalsamada, pinzas do pelo e un sinalizador de bicicletas, son os obxectos, ou mellor, os suxeitos (obxectos deslocalizados, desfuncionalizados e subxectivos), dos cales fai uso na performance. Busca o encontro corpo (=carne, simbólico e imaxinario) + obxectos (=presenza simbólica do Outro), desbordamento, superposicións e desprazamentos xeradores dun sentido (dirección e significado) Outro. (Marcela Levi).

Marcela Levi tráenos desta volta un traballo realizado en solitario que foi incluído como un dos dez mellores traballados en danza en 2007 na lista do Jornal do Brasil. Formada pola Escola de Dança Angel Vianna (RJ), Levi foi artista residente no centro de arte Les Recollets (Francia); no Programa Artistas en Residencia - Casa Encendida / Aula de Danza e no Espaço Cultural Azala (España); no Laboratório de Criatividade Urbana ON.OFF, Guimarães 2012 - Capital Europea da Cultura (Portugal); artista convidada no programa Rio Occupation London, na London Cultural Olympiad, promovido pola SEC RJ; e recibiu a bolsa

Ficha artística

Autora, directora e performer: Marcela Levi | Asistencia de dirección: Lucía Russo | Residencias artísticas: Centre International d'accueil et d'échanges des Récollets / Paris | Financiado por: Rumos Itaú Cultural Dança 2006/2007 e PRÊMIO KLAUSS VIANNA DE DANÇA 2007 co patrocinio de Petrobras | Co apoio de: Consulado General de Francia / Rio de Janeiro, Espaço SESC / Rio de Janeiro y Centre International d'accueil et d'échanges des Récollets / Paris | Técnico de luz: Isadora Giuntini | Producción: Improvável Produções

Estrea:

2007, Itaú Cultural. Sao Paulo. Brasil. Estrea europea en Escenas do Cambio 2016.

Batiscabo (Cuba). Os seus proxectos presentáronse en varios festivais e centros de arte en Brasil, Europa e América Latina. In-organic é unha peza presentada durante os últimos oito anos, unha peza sobre a autonomía, as accións rituais e domésticas e as pequenas violencias das relacións humanas. Concepto e brutalidade nunca estiveron lonxe, demostráronos esta peza inscrita na mellor tradición da arte brasileira, de Lygia Pape a Helio Oiticica.

ESCENAS

**RADOUAN MRIZIGA****Marrocos – 55 min****6 febreiro – 20:30 horas****Sala 1**

Radouan Mriziga presenta en Escenas do Cambio a súa primeira creación: *55*, un solo no que xoga constantemente coa perspectiva e as expectativas do espectador. En *55*, Mriziga fai do seu solo unha danza-investigación con dúas facetas. Unha, centrada na execución dunha serie de movementos, poñéndose a si mesmo nunha situación cada vez máis complexa. A outra, analiza o carácter narrativo de certas situacións que mudan, facendo fincapé no volume do corpo. O artista mide pouco a pouco o espazo e crea un patrón de solo requintado, convertendo *55* nunha exploración da relación do corpo co espazo a través de xestos simples e cunha intensidade tranquila.

Radouan Mriziga estudou en Marrocos, Túnez e Francia e gradouse na famosa escola de danza contemporánea P.A.R.T.S de Bruxelas. Desde 2008 vive e traballa na capital belga como artista no Moussem Nomadic Arts Centre, centro que nas súas actividades reflexiona sobre o impacto da globalización causada polos vellos e novos fluxos migratorios. Traballou en Half Elf Zomeravond con Bart Meuleman e foi un dos intérpretes da produción

Re: Zeitung, un proxecto de P.A.R.T.S e De Munt no que unha nova xeración de bailaríns profesionais reelaboran o repertorio de Ana Teresa De Keersmaecker. Unha das pezas máis relevantes do último Kunstenfestivaldesarts (Bruxelas), delicada e exacta como un poema.

Ficha artística

Concepto e interpretación: Radouan Mriziga | Producción: Moussem Nomadic Arts Centre | Co-producción: C-mine (Genk), WP Zimmer (Antwerpen) | En colaboración con: Cultuurcentrum Berchem, Pianofabriek (Brussel), O Espaço do Tempo (Portugal), STUK (Leuven) | En colaboración co Festival Alkántara Lisboa.

Estrea:

decembro 2014, Moussem Nomadic Arts Centre, Bruxelas.
Estrea en España no Festival Escenas do Cambio '16

**IDOIA ZABALETA****Euskadi – 3 horas**
**07 febreiro – 16:00 h. – Subida ata o Museo
Centro Gaiás na Cidade da Cultura de Galicia
dende a falda do monte Gaiás**

Como seguir bailando hoxe en día? Pois lendo... Como seguir lendo hoxe en día? Pois bailando... Con esta proposta convidamos ao espectador/a a asistir a unha lectura bailada en voz alta da obra Os Eidos, escrita por Uxío Novoneyra en 1955, coa cidade de Santiago de Compostela como fondo e o Monte Gaiás como testemuña. Un fluxo continuo, un non poder parar. Como os cantos rodados dun regato, ler e bailar, case ao unísono. Ler e bailar.

Os Eidos será o resultado do obradoiro a realizar os días previos á acción, no que a coreógrafa Idoia Zabaleta explorará coas persoas participantes os seus intereses arredor de bailar e ler, partindo da obra Os Eidos de Uxío Novoneyra. “Neste obradoiro pretendo compartir cos participantes un exercicio de revisión dos “modos de bailar” que practiquei ata o momento. No estudo desta posta en dúbida conseguín diseccionar algúns elementos como pracer, exhibición, destreza, proeza; outros como escrita, historia, memoria, e outros como grupo, coro, coreografía. Un exercicio que ultimamente me permitiu afrontar algunhas das dificultades coas que me atopo á hora de seguir bailando é o de ler-bailando e/ou bailar-lendo. Esta reversibilidade dos verbos, ler-bailar/ bailar-ler tenme liberado dalgunhas dificultades e, á súa vez, permitíume exercitar de golpe varios dos elementos anteriormente citados”.

Idoia Zabaleta. Coreógrafa. Na Facultade de Bioloxía especializouse en ecosistemas e dinámica de poboacións. Estuda nova danza e improvisación en Barcelona, Florencia, Amsterdam e Nova York. Dende o ano 2000 coproduce e crea

Estrea:

Estrea mundial en Escenas do Cambio 2016.

o seu propio traballo, colaborando con outros artistas e investigadores como Isabel de Naverán, Filipa Francisco ou Antonio Tagliarini. Desde 2008 constrúe e goberna xunto a Juan González o espazo de creación e residencias artísticas AZALA. Citando ao propio Novoneyra: *Bailas e faisme libre.*

ESCENA

**FAUSTIN LINYEKULA****O Congo – 55 min****7 febreiro – 18:30 horas****Sala 2**

Nun solo cru e íntimo, Faustin Linyekula mira a súa historia persoal á luz da historia rica e tumultuosa do seu Congo natal. Nun diálogo entre a música poderosa de Flamme Kapaya e a súa propia narrativa, Faustin Linyekula investiga a súa relación coa danza, a linguaxe física a través da cal conta, desde hai unha década, as historias do seu país, e procura no seu corpo vestixios desa historia brutal. “Unha persoa ten que crer teimuda –a pesar das convulsións da historia, das guerras, das revolucións, dos réximes- na celebración da beleza. Para esperar que a mera arte poida facer fronte á enorme fealdade da vida. Para se atrever a soñar que o pensamento independente, o libre arbitrio e a iniciativa persoal poidan afastar esa morea de ruínas que herdamos”, asegura Linyekula.

Le Cargo é un manifesto dunha das voces máis elocuentes e francas da África contemporánea: Faustin Linyekula (República Democrática do Congo, 1974). As súas obras estrutúranse a través das liñas da danza *ndombolo* e preséntase como o legado de décadas de guerra, terror, medo e colapso da economía vivido na súa pel, na da súa familia e nas dos seus amigos. Linyekula desenvolve un labor como creador, pedagogo e axitador cultural que o convirte nun dos mestres da escena contemporánea africana.

Ficha artística

Autor, director e actor: Faustin Linyekula | Coreografía e representación: Faustin Linyekula | Música: Flamme Kapaya, Obilo drummers | Producción: Studios Kabako / Virginie Dupray | Coprodución: Centre national de la danse | Co apoio de: DRAC Ile-de-France / French Ministry of Culture and Communication.

Estrea:

7 e 8 de abril de 2011 no Centre national de la danse en Pantin (Francia). Estrea europea en Escenas do Cambio 2016.

Durante todo o 2016, Faustin Linyekula é Artista na cidade en Lisboa (despois de Tim Etchells e Anna Teresa de Keersmaecker), e alí se presentará a maior parte das súas pezas, colaboracións e novos traballos creados especificamente para esta celebración dun dos creadores máis recoñecidos de África.

**BOUCHRA QUIZGUEN. COMPAGNIE O.****Marrocos – 60 min****7 febreiro – 20:30 horas****Sala 1**

En *Ottof* –formigas en bérber–, as palabras e os xestos son os depósitos e o eco dunha violencia que se quere transformar. Para este novo opus, Bouchra Ouizguen reúne a catro mulleres que xa participaron nas súas obras *Madame Plaza*, *Ha!* e *Les corbeaux*. As cinco exploran sobre o escenario coas súas palabras e os seus corpos a cotidianidade que teñen que ver cos seus dereitos. Bouchra Ouizguen, a coreógrafa marroquí, que vive e traballa en Marrakech, reúne no que dura o espectáculo a «estas formigas traballando día a día» para realizar un traballo artístico comprometido, ancorado no presente e na cultura do seu país.

Nada en Ouarzazate (Marrocos), e educada en Francia, Bouchra Ouizguen leva actuando desde 1995. En 2002, con Taoufiq Izeddou e Saïd Ait El Moumen, Ouizguen funda ANANIA, unha compañía de danza contemporánea de danza en Marrakech e o festival de danza *On Marche*. Desde 2007, Ouizguen foi co-organizadora do festival anual *Recontres Chorégraphiques* en Marrakech. As súas pezas foron presentadas nos principais festivais do mundo.

Ficha artística

Dirección artística: Bouchra Ouizguen | Elenco: Bouchra Ouizguen, Kabboura Aït Hmad, El Hanna Fatéma, Halima Sahmoud, Fatna Ibn El Khatyb | Iluminación: Eric Wurtz | Música: Lutoslawski-Preludio e Fuga para trece cordas solistas, Nina Simone-My baby just cares for me

Estrea:

25 xuño 2015, Festival Montpellier Danse, Francia. Estrea europea en Escenas do Cambio 2016.


Bouchra Ouizguen fainos lembrar que son posibles outras formas de moverse sen deixar de tes os pés na terra, sen deixar de construír e pór en crise permanente a nosa identidade. Un homenaxe ás mulleres resistentes, as presenzas poderosas, e aos movementos cotiáns que transforman e fan máis belo e habitable o mundo.

ESCENA

JANET NOVÁS. TRES SOLOS. UNHA RETROSPECTIVA

“Cara pintada” é o solo que espertou en min a necesidade de explorar un camiño en solitario como creadora. A partir dese momento sucedéronse varios anos de investigación, desenvolvemento e creación que deron como resultado un segundo solo “Who will save me today?” e agora este último titulado “Si pudiera hablar de esto no haría esto”. Con esta última peza pretendo dar por concluído este período onde expoño as miñas obras dentro do formato “solo”. A miña obra é o resultado de diversas inxedanzas, influencias artísticas e experiencias persoais que responden á miña necesidade constante de movemento e de habitar espazos baleiros, xerando neles imaxes, sensacións e emocións. As situacións e accións artelladas na miña obra conteñen unha intensa carga emotiva necesaria para explorar a miña identidade. A auto-existencia, quizais, alimentada polos escasos recursos nas miñas producións obrigáronme a apostar por unha linguaxe básica e sinxela optimizando así os recursos que están ao meu alcance. Máis aló da danza como concepto estético do movemento vencellado ao corpo, a escena é o lugar onde dou renda solta ao meu imaxinario, é o punto de encontro entre a liberdade, a realidade e a ficción, é un lugar sagrado que se sostén cun alicerce fundamental para min: a honestidade. (Janet Novás).

Escenas do cambio 2016 dedica a Janet Novás a súa primeira retrospectiva. Nada no Porriño (Pontevedra) en 1982, Janet bailou para os principais coreógrafos da danza contemporánea española. Queremos poñer en valor a traxectoria sólida dunha bailarina cunha técnica exquisita. Janet Novás levou a cabo a súa carreira en Madrid, pero sempre vinculada a Galicia, e traballou asiduamente con coreógrafos e compañías galegas. É importante para o Festival situar a estes artistas e sumalos ao proxecto de Escenas do cambio, enraizado no local para chegar a un contexto global. A nosa identidade constrúese con pezas como as de Janet, que nos amosan que para crear non fai falta moito, que o esencial é seguir movéndose, e que menos é máis.



CARA PINTADA

JANET NOVÁS
Galicia – 45 min
11 febreiro – 18:30 horas
Sala 2

Cara pintada fala da esencia, do real e verdadeiro que constrúe ao ser humano. Unha obsesión por manter o meu corpo en vida, vibrando, buscando constantemente os opostos para non quedarme nun equilibrio absurdo que me anula, que se prolonga no tempo sen ofrecerme nada a cambio.

A escena desta obra preséntase como unha exposición de marcos baleiros, sen ningún contido, co obxectivo de dar renda solta ao noso imaxinario. O corpo preséntase neste marco como un obxecto máis, como un recepente que se vai enchendo, cargando e transformando ata que perde a súa forma e disólvese no seu contido. O espazo, a música, as voces, os obxectos, as luces e sombras forman este xogo imaxinario incrustándose e prolongándose no corpo, traducindo deste modo as historias ou emocións que xurden nel, caendo nun estado absurdo, ridículo e surrealista que non se sostén en ningún elemento narrativo. É a creencia que depósito nas miñas accións o que fai que todo cobre sentido, sen xulgar, sen esperar a un resultado final. Janet Novás

Cara pintada quere convidar ao espectador a introducirse na intimidade das súas formas, na intensidade dos seus

xestos e no segredo que estes ocultan. “O meu corpo como un pequeno país, como un obxecto para representar pequenas historias que se convirten nunha. Bocas abertas, sedentas, afogadas no seu propio choro, na súa propia gargallada, sons ensordecedores e invisibles. Só hai un obxectivo, sentir algo, non importa o que.”

Ficha artística

Dirección e Interpretación: Janet Novás | Axudante de Dirección: Ricardo Santana | Música orixinal: Haru Mori | Outras músicas: Oldham & Roberts Molina | Vestiario: Juana Rodríguez | Deseño de Iluminación: Pedro Fresneda e Antón Ferreiro | Técnico de iluminación: Paloma Parra | Fotografía: Piti Prieto e Juan Adrio | Vídeo promocional e enteiro: Tía Mardalina | Colabora: Provisional Danza e Centro Cultural García Lorca(Bruxelas)

Estrea:

4 de xuño de 2010 no Teatro Ensaille, Vigo, Pontevedra.

ESCENA

**JANET NOVÁS****Galicia – 55 min****12 febreiro – 18:30 horas****Sala 2**

Habito un tempo e convivo nunha sociedade que me crea un constante conflito. Este é un dos principais motores do meu traballo. Unha tensión que me provoca buscar a maneira de operar dentro das diferentes contornas, preservándome, preservando o meu traballo. Indago sobre o modo de presentarme dentro das contornas e nesta tensión atopo a miña ferramenta. Dende este lugar creo dispositivos que conviden a entrar no meu mundo e habitalo por un tempo. Un mundo no que o corpo se convirte en obxecto para fundirse ou prolongarse e así revelar o común do ser humano.

Who will save me today? xorde das miñas vivencias na actualidade. Nace dun encontro conmigo mesma e da aceptación das miñas experiencias e crenzas como ser humano. Unha necesidade de facer do meu traballo un exercicio de honestidade. Isto é o único que me salva e me permite continuar día a día.

“Como integrar unha (ou a miña) verdade transparente e convivir con ela habitando un sistema no cal todo se clasifica e se ordena de forma estrutural? Como compartir a miña verdade e como aceptar a verdade doutros? Cantos somos moitos e sos cantos somos? Necesitamos ser salvados? Salváronse os que xa

estiveron? Quen nos salvarán? Who will save me today?”.

Janet Novás

Ficha artística

Creación e dirección artística: Janet Novás | Asistencia artística: Ricardo Santana | Música: Pergolessi | Música orixinal: Haru Mori | Interpretación: Janet Novás | Escenografía: Janet Novás | Vestiario: Cyril Wicker | Deseño de iluminación: David Picazo

Estrea:

16 de novembro de 2013, Madrid en Danza. Madrid.

**JANET NOVÁS****Galicia – 60 min****13 febreiro – 18:30 horas****Sala 2**

Penso que na antesala dos distintos procesos creativos de cada unha das miñas pezas existen liñas homoxéneas que me permiten sentir as maneiras de articular, probar, saborear, explotar, desechar e incluso reutilizar os recursos e materiais que xorden ou se van desprendendo. Estas liñas trazan a traxectoria a partir dun estoupido multisensorial no meu imaxinario e no meu corpo. Nese punto préndese a chispa que permite a ignición de todos os meus procesos ou desenvolvementos na investigación e a creación, a veces basta unha simple imaxe ou un pensamento para que xurda a necesidade de manifestar, compoñer e expoñer.

Creo que o resultado estético/ideolóxico das miñas pezas é unha transcripción das miñas experiencias. Os meus sentimentos, sensacións, cuestionamentos, reivindicacións e demais aspectos existenciais se manifestan, compoñen as miñas obras, é un ciclo constante que me mantén viva e inmersa na tarefa de investigar e crear, ao mesmo tempo, crear da forma á miña vida. Neste traballo no plantexo ningunha pregunta, discurso ou reflexión. Descoñezo que argumento lle sería máis favorable a esta obra ou basicamente de que trata, esa incapacidade para describila

impúlsame e motivame. Só quero accionar o meu corpo, o tempo e o espazo que me rodea, compartir sensacións, iniciar un camiño a través das miñas experiencias e as miñas necesidades de expresión onde a acción, a entrega, o compromiso e a responsabilidade serán imprescindibles para levar a cabo este traballo. Janet Novás

Estrea:

4 de febreiro de 2016 no Festival de Otoño de Madrid.

ESCENA

**CECILIA BENGOLEA E FRANÇOIS CHAIGNAUD**

Francia – 50 min

11 febreiro – 20:30 horas

Sala 1

Dotados dunha grande experiencia en clubs de todo o mundo, Cecilia Bengolea e François Chaignaud decidiron facer dos clubs de baile un centro de investigación antropolóxica. Atopar unha escrita singular para poñer de relevo a natureza orgánica destas danzas e instalalo nun deseño gráfico axeitado foi un reto para estes curiosos bailaríns que para a ocasión se arrodearon doutros tres artistas (Alex Mugler, Ana Pi e Elisa Yvelin) e DJs famosos da escena Grime de Londres (Elías e Skilliam de London Label Buttermz). O escenario convértese nun crisol onde se amasan bailes actuais que van desde o dancehall xamaicano ao House, pasando polo Twerk xunto a unha investigación musical realizada por DJ que transforma os sons. A forza expresiva destas danzas extremas para crear

un espazo de confraternidade compartida e de poesía contemporánea.

Os bailaríns e coreógrafos Cecilia Bengolea e François Chaignaud levan colaborando desde 2005. Súas son as obras *Pâquerette* (2005-2008), *Sylphides* (2009), *Castor et Pollux* (2010), *Danses Libres* (baseada en coreografías de François Malkovsky e Suzanne Bodak, 2010), (M)IMOSA (con Trajal Harrell e Marlene Monteiro Freitas, 2011) e DUB LOVE (2013). Bengolea & Chaignaud. Seguindo a idea desta edición do festival, teñen unha calidade de movemento única coa que conseguiron facerse ver actuando sempre desde a marxe e desde o exceso. Un baile total que non separa as diferentes partes da vida, senón que as integra e as concibe como un todo, unindo o popular e o sagrado, o privado e o público, o lecer e a arte.

Ficha artística

Creado por: Cecilia Bengolea and François Chaignaud | Intérpretes: Élisabeth Yvelin, Alex Mugler, Ana Pi, Cecilia Bengolea and François Chaignaud | Música: DJ Elijah, DJ Skilliam (Buttermz, London – UK) | Iluminación: Dominique Palabaud, Jean-Marc Segalen, Cecilia Bengolea and François Chaignaud | Vestuario: Cecilia Bengolea and François Chaignaud | Producción/ Administración: Cécile Vermorel | Difusión: Sarah de Ganck / Art Happens | Asistente de consultoría: Alexandre Rocoli | Asesor musical: Miguel Cullen | Grazas a Elisabeth Schwartz, Warren, Mike, Sarah Chaumette, Alexandre Paulikevitch, Blazin Twins, Boat Dance Camp, Marie-Thérèse Allier, Frédéric Perouchine, Courtney Juicy Couture, Laurent Vinauger | Producido por: Vlovajob Pru | Coproducido por: Biennale de la danse de Lyon; Les Spectacles Vivants – Centre Pompidou (Paris); Festival d'Automne à Paris; Centre de Développement Chorégraphique Toulouse/Midi-Pyrénées; Centre Chorégraphique National de Franche-Comté à Belfort; Centre Chorégraphique National de Grenoble; Le Vivat d'Armentières – Scène conventionnée danse et théâtre; Centre Chorégraphique National de Caen/Basse-Normandie | Producción creada por: Arcadi, Chez Bushwick – NYC (development residence), FUSED: French U.S. Exchange in Dance, a program of the New England Foundation for the Arts' National Dance Project, the Cultural Services of the French Embassy in United States, e FACE (French American Cultural Exchange) con financiación de Doris Duke Charitable Foundation e de Florence Gould Foundation | Co apoio de La Ménagerie de Verre (Paris).

Estrea:

Setembro de 2012 na Bienal da danza de Lyon. Estrea europea en Escenas do Cambio 2016.

**ROCÍO MOLINA**

Andalucía – 75 min

13 febrero – 20:30 horas

Sala 1

Afectos é unha reflexión de Rocío Molina e Rosario La Tremendita baseada na loita do ser e na capacidade de atopar a sinxeleza, a naturalidade e a confianza a través da existencia. Un traballo emotivo onde o silencio, a vibración, as texturas sonoras, a estética, o son, a voz, a danza ou a escena percorren un camiño de fonda busca cara ao máis profundo de cadaquén. Afectos expón a súa propia investigación para explicar que a imperfección é perfecta. Afondar na dureza da emoción, na fragilidade da dor e no pracer atopado. Desafiar as verdades e crer nas mentiras é o que ambas artistas defenden nesta proposta conxunta.

Coreógrafa iconoclasta, Rocío Molina acuñou unha linguaxe propia cimentada na tradición reinventada dun flamenco que respecta as súas esencia e se abraza ás vangardas. Radicalmente libre, aúna nas súas pezas o virtuosismo técnico, a investigación contemporánea e o risco conceptual. Ao longo da súa carreira colaborou con grandes figuras do flamenco como María Pagés, Miguel Poveda, Antonio Canales ou Israel Galván. Rocío Molina pertence a esa estirpe de bailaríns e

coreógrafos únicos que fixeron da investigación, da fusión e da posta en dúbida da tradición a súa razón de ser. Afectos, concerto e baile, é calor en pleno inverno do Gaiás, un resumo e un belo fin de festa para Escenas do cambio 2016.

Ficha artística

Idea orixinal: Rocío Molina, Rosario La Tremendita | Música orixinal: Rosario La Tremendita. Pablo Martín | Coreografía: Rocío Molina | Dirección musical: Rosario La Tremendita | Responsable de dramaturxia, escenografía e deseño de iluminación: Carlos Marquerie | Realización de vestuario: Mai Canto | Deseño de son: Javier Álvarez, Pablo Martín | Deseño e realización de alicio: Iñaki Elso Torralba | Fotografía: Tamara Pinco | Dirección: Loic Bastos | Administración: Magdalena Escoriza | Elenco: Rocío Molina, baile. Rosario La Tremendita, cante y guitarra. Pablo Martín, contrabaixo e loops.

Estrea:

20 e 21 de outubro de 2012 no Mercat de les Flors de Barcelona.

| ESCENA



ARETA BOLADO, CAROLINA FERNÁNDEZ, DIANA MERA E TITO ASOREY. DIRECCIÓN: GABINO RODRÍGUEZ

04 e 05 de febreiro – 16:30 horas

Aula Museo

Polo xeral, os procesos de creación lévanse a cabo en solitario, sendo a estrea a primeira vez no que o proxecto se expón aos ollos dos outros.

Partimos de que expoñer os procesos axuda de maneira moi clara a enriquecer as creacións, e como artistas, permítenos darnos conta do que estamos facendo a partir de como se recibe.

Esta conferencia será o resultado dun traballo previo dos catro artistas galegos con Gabino Rodríguez, da compañía Lagartijas Tiradas al Sol, no que cada participante se verá inmerso nunha serie de exercicios, que teñen como obxectivo o desenvolvemento das ideas que forman parte de cada proxecto.

O obxectivo é o de acompañar os participantes no desenvolvemento dos seus proxectos personais, buscando procesar e afondar nas ideas, formas e temas de cada proxecto.

CONFERENCIAS/ OBRADUROS



STEFAN KAEGI
29 xaneiro – 16:30 horas
Aula Museo

Os integrantes do colectivo de directores teatrais Rimini Protokoll coñecéronse nos anos noventa mentres estudaban no Institut für Angewandte Theaterwissenschaften [Instituto de Ciencias do Teatro Aplicadas] da Universidad de Gießen (Alemaña), unha sorte de escola do teatro alemán de vangarda. Rimini Protokoll está composto por Helgard Haug, Stefan Kaegi e Daniel Wetzel, que baixo este selo desenvolverán os seus proxectos en diferentes constelacións. Rimini Protokoll recibiu o Premio de Teatro Fausto en 2007, o Premio Europeo de Novas formas de teatro en 2008 e en 2011, o León de Plata da Bienal de Artes Escénicas en Venecia.

STEFAN KAEGI produce pezas de teatro documentais, programas de radio e traballa no ámbito urbano nunha gran variedade de asociacións colaborativas. Usando a investigación, audicións públicas e os procesos conceptuais, dá voz a "expertos" que non son actores adestrados, pero que teñen algo que dicir. En 2010 Kaegi foi galardoado co Premio Europeo á Diversidade Cultural.

Stefan Kaegi fará un percorrido pola traxectoria deste colectivo, crucial para entender o futuro da arte escénica, participativa e colaborativa. Esa arte que nos amosa que a nosa democracia debería estar sempre a ser reinventada, as regras a ser escritas, os corpos en movemento, porque ese é o significado de estar vivo e de facer política, polis, cidade.



LUISA PARDO
29 xaneiro – 18:30 horas
Sala 2

Veracruz, nos estamos deforestando ou cómo extrañar Xalapa é unha conferencia, unha charla, unha intervención, un desafío. É ollar de preto o problema acalado dun estado da República Mexicana que leva case doce anos gobernado por unha alianza entre os narcos e os políticos e, desde a terceira década do século XX, non tivo outro partido no poder co PRI. Veracruz contén nos seus territorios a ruta que comezou Cortés para conquistar México. Veracruz é o estado onde Luisa Pardo medrou. Veracruz é unha delgada franxa de terra con costa e montañas e moita pobreza e violencia e asasinatos e desaparacións e silencio. A intervención de Luisa Pardo intentará conter moitas outras voces, imaxes e imaxinarios que nacen doutras persoas. Persoas que ao igual ca ela, estrañan a súa terra como unha terra fértil para a arte, para o pensamento crítico, para a expresión, para o amor, para vivir.

LUISA PARDO. Actriz, directora, produtora, chalana e activista. Fundadora e co-directora do colectivo escénico Lagartijas Tiradas al Sol. Con este colectivo, de 2003 ata hoxe, co-creou once proxectos escénicos. Como actriz e/ou asistente de dirección en teatro fóra de Lagartijas traballou con Hugo Arrevillaga, Juliana Faesler, David Hevia, Ana Francis Mor e Miguel Ángel Rivera. Como actriz de cine traballou con Yulene Olaizola, Nicolás Pereda, María Novaro, Paul Leduc, Rubén Imaz, Marise Systach e Alejandro Gerber, entre outros.

Luisa Pardo dáunos unha visión de primeira man dun lugar onde estado e corrupción son a mesma cousa, onde o abandono institucional produciu unha violencia incontrolable que precisa, para empezar, ser visibilizada e posta en palabras.

CONFERENCIAS/ OBRADUROS



CHANTAL MOUFFE
30 xaneiro – 16:30 horas
Aula Museo

A politóloga Chantal Mouffe tratará de amosar a importancia da mobilización dos afectos comúns para a concepción agonística da política e de examinar o papel que xogan nese campo as prácticas artísticas e culturais.

CHANTAL MOUFFE (Charleroi, Bélxica, 1943) atópase entre os filósofos post-estruturalistas e politólogos contemporáneos de maior renome.

Realizou os seus estudos en varias Universidades (Université Catholique de Louvain, "Université de Paris" e "University of Essex") e actualmente ensina teoría política na Universidade de Westminster. Xunto a Ernesto Laclau participou activamente nas loitas sociais dos 60 e a ambos se lles considera os pais do posmarxismo, corrente filosófica na que se retoman e repensan os postulados marxistas á luz dos aportes do post-estruturalismo e dos movementos sociais suscitados durante a segunda metade do século XX.

Mouffe e Laclau redefinen a "hexemonía marxista" en pos dun novo proxecto socialista: a democracia radical. *Hexemonía e estratexia socialista: cara a unha radicalización da democracia* – libro de 1987 no que se plasma esta reconceptualización – é unha obra clásica do formulamento post-marxista. Dentro das preocupacións teóricas de Mouffe, cobran marcada relevancia as temáticas que xiran en torno ao político –tales como o liberalismo político e a defensa da democracia–, e os antagonismos como clave da existencia mesma da sociedade e do social en tanto político. Tamén realizou aportes ao feminismo e á crítica ao racionalismo.



ISABEL DE NAVERÁN
31 xaneiro – 12:00 h.
Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC)

"Non o estou contando para recordalo. Ao contrario, estouno a facer así para estar seguro de que esquecín", di Rabih Mroué. E o que fai para esquecer é contar, contar unha e outra vez ata que a estrutura narrativa do conto se desvela, deixando espida unha posible verdade: a do mecanismo da representación. Podemos preguntarnos se detrás do "contar" as historias do pasado da danza non se atopa un desexo semellante. (Isabel de Naverán).

ISABEL DE NAVERÁN é investigadora e teórica en artes escénicas. É membro de Bulegoa Zenbaki Barik, unha oficina de arte e coñecemento localizada en Bilbao, e é parte do grupo de investigación ARTEA, de Madrid. Dedicase á escrita de ensaio crítico e á creación de contexto no que se deu en chamar a coreografía expandida. É Doutora en Belas Artes pola Universidad del País Vasco; forma parte do equipo do Máster en Práctica Escénica e Cultura Visual (MNCARS, UCLM, Madrid).

CONFERENCIAS/
OBRADOIROS

OLIVER LAXE
6 febreiro – 16:30 horas
Aula Museo

En Inspiracion ou extinción, dúas maneiras de ser Mundo, Oliver Laxe porá a dialogar a poesía do cheikh sufi Ibn Arabi coa do monxe zen Santoka, contraponendo así dúas maneiras estéticas de enfrentarse ao Mundo: un a través do aprofundamento do eu, o outro a través da anulación deste. Dúas maneiras de ser mundo que dalgunha maneira conviven en cada un de nós e na nosa produción artística. Oliver Laxe amosará algunhas imaxes dos seus últimos traballos “Santos#2” e “As Mimosas”, fortemente influenciadas por estes dous autores.

ÓLIVER LAXE. Vive e traballa en Marrocos. A súa primeira longametraxe *Todos vós sodes capitáns* foi premiada no 2010 na Quincena de realizadores do festival de Cannes co premio da crítica. *As Mimosas* é a súa nova película, pendente de estrea, un western metafísico que ten lugar nas montañas do sur de Marrocos. É un dos fundadores de Zeitun Films.

CINEMA
NUMAX

JÉRÔME BEL
31 xaneiro – 18:00 h. – 37 min
Sala NUMAX

Invitado a facer unha peza para o ballet da Ópera de París pola súa directora Brigitte Lefèvre, Jérôme Bel quería representar unha especie de documental teatral sobre a obra dunha das bailarinas do ballet : Véronique Doisneau. A bailarina, próxima á idade de xubilación, soa no escenario, retrospectivamente e subxectivamente considera a súa propia carreira como bailarina dentro desta institución.

Esta película foi filmada durante a última presentación da peza no escenario do Palais Garnier. Foi producido grazas ao Telmondis e Ópera de París, e co- realizado por Pierre Dupouey e Jérôme Bel.

|FORMACIÓN|

**GRUPOS DE LECTURA
E ACOMPAÑAMENTO
DO FESTIVAL**

Do xoves 28 de xaneiro ao 5 de febreiro
Aula Museo – 11:00 h.

Escenas do cambio convida a profesionais da interpretación, bailaríns, performers, estudantes, coreógrafos... a participar no Grupo de lectura e acompañamento ao festival Contar para olvidar, no que repensar os procesos creativos da man da investigadora e teórica en artes escénicas Isabel de Naverán e a coreógrafa Idoia Zabaleta.

Isabel de Naverán dirixirá a primeira parte, na que traballará con textos fundamentais e obras de coreógrafos que reflexionan arredor da idea de reconstrución e da memoria corporal en danza. Isabel de Naverán tratará tres aspectos detectados en coreografías reconstruídas nos últimos anos: o primeiro ten que ver coa controversia de toda reconstrución, é dicir, coa imposibilidade de recuperación da historia tal e como foi; o segundo, co arquivo en relación ao corpo, co documento en relación á verdade e por extensión co papel do biográfico na historia colectiva; e o terceiro, suma dos dous anteriores, trata de entender os efectos físicos dunha vivencia singular que ten lugar cando se habita a técnica creada por un corpo distinto ao que baila.

A segunda parte estará en mans de Idoia Zabaleta, que coordinará un grupo de reflexión e diálogo arredor das obras do Festival e en conexión cos eixos tratados durante o grupo de lectura previo. Ademais, Idoia Zabaleta compartirá cos participantes un exercicio de revisión dos “modos de bailar”, proxecto que vén levando a cabo nos últimos tempos. “Son desas coreógrafas que sempre queren seguir bailando. Tamén son desas coreógrafas que como o que queren é seguir bailando, preguntanse a sí mesmas como é seguir bailando”, asegura Idoia. Unha cuestión que trasladará ao grupo.

PROGRAMA

Do 28 de xaneiro ao 13 de febreiro de 2016
Museo Centro Gaiás

Escenas | **CO** Conferencias | **PR** Proxeccións

28 XANEIRO

- 18:30 *Tijuana (La democracia en México 1965-2015).*
Lagartijas Tiradas al Sol.
20:30 *Jaguar.* Marlene Monteiro.
20:30 *Europa en casa.* Rimini Protokoll

29 XANEIRO

- 16:30 **CO** *O traballo de Rimini Protokoll.* Con Stefan Kaegi.
18:30 **CO** *Veracruz, nos estamos deforestando o cómo extrañar Xalapa.* Con Luisa Pardo, de
Lagartijas Tiradas al Sol.
20:30 *Don Juan.* Voadora.
20:30 *Europa en casa.* Rimini Protokoll

30 XANEIRO

- 16:30 **CO** *Afectos, política agonística e prácticas artísticas.*
Con Chantal Mouffe.
18:30 *Archive.* Arkadi Zaidés.
20:30 *Cédric Andrieux.* Jérôme Bel.
20:30 *Europa en casa.* Rimini Protokoll

31 XANEIRO

- 12:00 **CO** *Historia da danza e autobiografía en escena.*
Con Isabel de Naverán.
18:00 **PR** *Veronique Doisneau.* Jérôme Bel.
20:30 *Europa en casa.* Rimini Protokoll

1 FEBREIRO

- 20:30 *Europa en casa.* Rimini Protokoll.

2 FEBREIRO

- 20:30 *Europa en casa.* Rimini Protokoll.

3 FEBREIRO

- 18:30 *Um Museu Vivo de Memórias Pequenas e Esquecidas.* Joana Craveiro/Teatro do Vestido.
20:30 *Europa en casa.* Rimini Protokoll.

4 FEBREIRO

- 16:30 *¿De que otra cosa podríamos hablar?.*
Gabino Rodríguez.
18:30 *Ensaio amor.* Nuria Sotelo.
20:30 *Insultos ao público.* Uxía Vaello e
Borja Fernández.
20:30 *Europa en casa.* Rimini Protokoll.

5 FEBREIRO

- 16:30 *¿De que otra cosa podríamos hablar?.*
Gabino Rodríguez
18:30 *Barrunto.* Patricia Caballero.
20:30 *Mordedores.* Lucía Russo e Marcela Levi.
Improvável Produções
20:30 *Europa en casa.* Rimini Protokoll.

6 FEBREIRO

- 16:30 **CO** *Inspiracion ou extinción, dúas maneiras de ser Mundo.* Con Oliver Laxe.
18:30 *In-Organic.* Lucía Russo e Marcela Levi.
Improvável Produções
20:30 *55.* Radouan Mriziga.
20:30 *Europa en casa.* Rimini Protokoll.

7 FEBREIRO

- 16:00 *Ler e bailar: Os Eidos.* Idoia Zabaleta.
18:30 *Le Cargo.* Faustin Linyekula.
20:30 *Ottot.* Bouchra Ouizguen / Compagine O.
20:30 *Europa en casa.* Rimini Protokoll.

11 FEBREIRO

- 18:30 *Cara Pintada.* Janet Novás
20:30 *Altered natives Say Yes To Another Excess –*
TWERK. Cecilia Bengolea e François Chaignaud.

12 FEBREIRO

- 18:30 *Who will save me today?* Janet Novás.

13 FEBREIRO

- 18:30 *Si pudiera hablar de esto no haría esto.*
Janet Novás.
20:30 *Afectos.* Rocío Molina e Rosario La Tremendita.

ESTA PROGRAMACIÓN PODERÁ ESTAR
SUJEITA A CAMBIOS NON PREVISTOS NO
MOMENTO DESTA COMUNICACIÓN/
PUBLICACIÓN

VENDA DE ENTRADAS

ESCENA

Entrada individual para cada función: **8€**. Á venda no Museo Centro Gaiás e en www.ataquilla.com.

Abono todas as funcións: **40€** Só ata o 17 de xaneiro no Museo Centro Gaiás ou a través do teléfono 902 504 500. É preciso **canxear previamente o abono** para cada unha das funcións ás que desexes asistir na billeteira do Museo Centro Gaiás.

Ofertas 4x3 (asiste a catro funcións e paga tres): **24€**. Á venda no Museo Centro Gaiás ou a través do teléfono de Ataquilla 902 504 500.

DESCONTOS PARA COLECTIVOS (alumnos da ESAD de Galicia, Máster de Teatro e Artes Escénicas de Vigo, Asociación de Actores e Actrices de Galicia e carné universitario, Club Gaiás, Xubilados, Desempregados, Discapacitados, Familias Numerosas, estudantes e traballadores da USC e carné xoven):

- Entrada individual: **5€**.

- Abono todas as funcións: **30€**.

Descontos á venda no Museo Centro Gaiás ou a través do teléfono de Ataquilla 902 504 500.

A obra *¿De que otra cosa podríamos hablar?* De balde previa retirada de invitación desde o 28 de xaneiro.

CONFERENCIAS E PROXECCIONS

Entrada **DE BALDE** ata completar aforo


Para asistir a estes traballos performativos e á proxección na Sala Numax será preciso retirar invitación no Museo Centro Gaiás desde o 28 de xaneiro. Máximo dúas entradas por persoa.

**MUSEO
CENTRO
GAIÁS**




PLANTA 0

Acceso ao Museo
CONFERENCIAS:
Aula Museo




PLANTA -1

ESCENA:
Sala 1: 20:30 h.
Sala 2: 18:30 h.



CIDADE DA CULTURA



BUS: L9



CO PATROCINIO DO FONDO GAIÁS:

//ABANCA

INDITEX

INVERAVANTE

gasNatural
fenosa

Fundación Barrié

SabadellGallego ^BS

Coren

GADIS

Campo

grupo
NOSA
TERRA 21

Astillero
BARRERAS
V I G O

Estrella Galicia

R

MONBUS

FUNDACIÓN
CIDADE
DA CULTURA
DE GALICIA

XUNTA
DE GALICIA

COLABORAN

IK

GOETHE
INSTITUT

CONCELLO DE
SANTIAGO

CGAC CENTRO GALEGO
DE ARTE
CONTEMPORÁNEA

NUMAX

MÁSTER EN
PRÁCTICA ESCÉNICA Y
CULTURA VISUAL

BA/D
BIENIO INTERNACIONAL DE DANZA CONTEMPORÁNEA DE VIGO
FESTIVAL DE TEATRO Y DANZA CONTEMPORÁNEA DE VIGO
BIENIO FESTIVAL OF CONTEMPORARY THEATRE AND DANCE

XXXIII
FESTIVAL DE OTOÑO
A PRIMAVERA

| ALT:
Festival das Artes Escénicas de Vigo

azala
espacio

DO
ESCAMBIO
CAMINAS

